



REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR

DO C.E.I.P. PÍO XII DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O comedor

1. O comedor escolar do C.E.I.P. Pío XII é un programa educativo e de servizo promovido pola A.N.P.A. "A Ferradura", apoiado polo Consello Escolar do Centro, que cede os locais, e financiado polos usuari@s.

A comida é servida pola empresa de catering que resulte elixida en asemblea polos socios da ANPA A FERRADURA.

2. A ubicación do comedor é obra da Consellería de Educación que se inaugura o ano----- situado encima das aulas de 4º de Educación Infantil con acceso exterior por Poza de Bar e pola porta principal (conserxería). Conta con dous espazos de xantar, un para Educación Infantil e outro para Educación Primaria.

3. Un servizo de monitores, baixo a dirección da responsable de comedor, atenderá ao alumnado dende a saída das clases ata as 16 horas. Despois do xantar realizaranse actividades de ocio nos locais cedidos polo colexio e no patio exterior.

Usuarios

4. É condición imprescindible ser socio da A.N.P.A. "A Ferradura" e ter seguro escolar para poder utilizar o servizo.

5. Poderán utilizar o comedor e os espazos de ocio, (patios e locais) dende as 14 ata as 16 h, unicamente o alumnado do colexio que sexa usuari@ do servizo.

6. Establécense dous tipos de usuari@s:

Usuari@ Fix@: aquel alumno/a que se inscriba no comedor para utilizalo de forma continuada. Pódese dar de alta no período de inscrición ou, de haber prazas, con posterioridade.

Usuari@ Esporádic@: aquel alumno/a que, habendo praza, desexe utilizar o comedor algún día. Debe solicitarse o servizo á responsable o día anterior.

Inscrición

7. O alumnado xa matriculado no colexio que desexe utilizar o servizo como usuarios/as fixos/as deberán realizar unha petición de admisión durante o período de inscrición. A petición realizarase mediante o impreso correspondente, que deberá recoller e entregar ás responsables no local da A.N.P.A. ou ben a través da paxina web. Cada ano establecerase o período de inscrición correspondente, durante alomenos dúas semanas do mes de maio, e darase a coñecer mediante circular enviada polo alumnado, nas portas do colexio e paxina web da asociación.

8. O alumnado de nova matrícula no CEIP PIO XII realizará a petición de admisión ós diferentes servizos ou actividades promovidos pola ANPA coincidindo co período de matrícula no centro. A inscrición realizarase entregando o impreso na secretaría do centro ou ben a través da paxina web.

9. O alumnado poderá inscribirse en calquera momento se houbese prazas libres e teña aboada a correspondente cota de socio así como o seguro escolar. As inscricións fóra do período sinalado pasarán a unha lista de espera e dependerán das prazas vacantes en cada curso.

Admisión

10. No caso de haber máis solicitantes que prazas, a orde de admisión dos/as alumnos/as establecerase de acordo co número de días á semana que van utilizar o servizo, en primeiro lugar os de tódolos días, despois os de catro días á semana, etc. Entre tódolos solicitantes do servizo co mesmo número de días á semana, admitiranse os alumnos de acordo coa seguinte orde:

1º. Segundo data de entrega de inscrición

2º. Os usuarios de nova admisión que teñan irmáns coas condicións do apartado anterior.

11. Establecerase unha lista de suplentes cos mesmos criterios no caso de non existir suficientes prazas, que terán dereito ó uso do servizo no caso de producirse vacantes durante o curso de acordo coa orde establecida.

12. Se un usuario desexa cambiar as condicións de uso ó longo do curso pode perder o seu dereito ao uso do comedor si se dera a circunstancia que coas novas condicións non tivera accedido ao uso do servizo. O ter sido usuario non garante a reserva da mesma.

Normas de funcionamento

13. Como medida de seguridade para levar un adecuado control da asistencia dos/as nenos/as, se o usuario non utilizase algún día o servizo deberá comunicalo ás responsables de comedor.

14. Si desexa darse de baixa ou modificar as condicións do servizo, deberá comunicarse por escrito ás responsables nos 15 primeiros días do mes anterior á baixa ou modificación, de non facelo así, deberá aboarse o mes seguinte. Non haberá opción a cambio na inscrición ata o segundo mes do inicio do curso.

15. Deberá notificarse por escrito á responsable do comedor calquera problema de saúde do alumno que deba ser coñecido para tomar as medidas oportunas (alerxias de calquera tipo, intolerancias a alimentos, etc.). En caso de ser necesario o uso dun medicamento, deberá traer unha certificación médica na que se especifique a cantidade e o medicamento, así como unha autorización dos pais ou titores.

16. Se o alumno/a ten que medicarse á hora da comida, deberá traer unha certificación médica na que se especifique a cantidade e o medicamento, así como unha autorización dos pais ou titores. Non se administrarán medicamentos sen o cumprimento destes requisitos.

17. No caso de necesitar, ocasionalmente, o alumno unha dieta especial, deberá comunicarse á responsable do comedor, sendo a hora límite para esta comunicación a hora de entrada ao colexio.

18. Os alumnos/as que acudan ao comedor deberán ter adquiridos os hábitos de educación e coñecemento adecuados á súa idade (utilización de garfos, respecto aos monitores, coidado do material, comportamentos hixiénicos na mesa).

Taxas

19. As taxas de uso do servizo serán establecidas anualmente pola xunta directiva da A.N.P.A. e comunicadas no período de inscrición.

20. Os usuari@s fix@s pagarán unha taxa mensual que aboarán por adiantado nos primeiros dez días hábiles do mes. Non facer o pago no prazo establecido levará á baixa inmediata do alumno no servizo de comedor.

21. Non poderán ser usuarios de ningún servizo ou actividade organizada pola ANPA A Ferradura aqueles que teñan contraído algunha débeda coa asociación.

22. Non se descontarán días no servizo contratado.

23. Os usuari@s esporádic@s pagarán o importe do xantar no recibo do mes seguinte o uso do servizo.